

# Padrón volverá estar de festa: dúas semanas para desfrutar coa Pascua

Múltiples propostas, nas que destacan os cabalos, o pregón de Zahera ou as Tanxugueiras, marcan este agardado regreso

**F. CERNADAS**  
Padrón

Tras dous anos de parón obrigado pola pandemia, os padroneses e padronesas recuperan a festividade que marca o seu calendario anual. A recuperación das Festas de Pascua, unha celebración con séculos de historia, devolve á vila os seus días grandes, xornadas de moito ambiente, cheas de ledicia e de reunións con familiares e amigos. Como era habitual, os actos xa arrancaron a comezos de mes, pero é agora, cos festivos da Semana Santa, cando chegarán as grandes citas.

Todo esta preparado para que o regreso das festas por excelencia da vila rosaliana sexan un éxito. Para iso, pre-

parouse un programa amplo, no que destacan as actuacións musicais e competicións deportivas, destinado a todos os públicos, con propostas innovadoras que se combinan coas tradicionais, como a feira cabalar ou os touros, todas elas agrupadas en dúas fins de semana para un orzamento total de 190.000 euros.

Dentro das diferentes alternativas, preparadas como motor económico e de reactivación da vida social padronesa, destaca, por exemplo, o pregón do sábado ás 21.00 horas do actor Luis Zahera, gañador do Goya ao mellor actor secundario en 2019 e protagonista da serie *La Unidad*, ou o concerto das Tanxugueiras, o domingo ás 00.00 horas, un espectáculo que, sen



A feira cabalar, este domingo, atraerá a miles de visitantes ata a vila rosaliana. Foto: Sangiao

dúbida, atraerá a visitantes de moitos puntos da comunidade, xa que se trata dunha das primeiras posta en escena do seu novo álbum *Midas*.

Con todo, como a Pascua hai que vivila día a día, hoxe e mañá serán xornadas marcadas polo deporte. Así, celebrase ata o sábado o IV Campionato CD Sar Extramundi de fútbol, nas categorías benxamín, alevín e prebenxamín; os campionatos galegos de xadrez en distintas categorías (tamén ata o sábado); o campionato de tenis (final o sábado a partir das 10.00); e unha gran velada de boxeo. Ademais, o 16, está prevista a XLI Carreira de Pascua, coa presenza de miles de atletas.

Tras este amplo abano de opcións para os deportistas, o *Sábado de Pascua* entran en acción a música e as propostas para a cativada. Neste senso, a sesión vermú correrá a cargo da Charanga O'Santiagoño, a de tarde pola Orquestra Players e a verbena con grupo Unión y Fuerza e a gran París de Noia. A maiores, así como a citada lectura do manifesto, tamén haberá obradoiros para os pequenos e inaugurarase a XLIX Feira Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial.

Pola súa banda, o *Domingo de Pascua* será, como marca

(Continúa en la siguiente página)

## almacenes eladio, s. a.

- DROGARIA
- PAPELARIA
- LIMPEZA
- PERFUMARIA
- HORTICULTURA
- SEMENTES
- DECORACION
- BRICOLAXE
- MENAXE

*Boas festas*

**PADRON**  
RUA DE CASTELAO, 27-29  
T. 981 810 959 • 673 436 105 F. 981 811 967

**PADRON, AGRICOLA**  
RUA DE CASTELAO, 25 • T. 981 810 959

**CALDAS DE REIS (ELADIO BRICOTENDAS)**  
RUA REAL, 46 • T./F. 886 215 398

e-mail: comercial@almaceneseladio.com

## RECAMBIOS CARBAJAL, S.A.I.

RECAMBIOS Y ACCESORIOS  
LUBRICANTES • ELECTRODOS  
CORREAS • HERRAMIENTAS  
RODAMIENTOS • HIDRÁULICA

Avda. Compostela, 45 - bajo  
PADRÓN (A Coruña)  
T. 981 810 305  
F. 981 810 851  
M.616 475 181  
recambioscarbajal@hotmail.com

## LABORATORIO ARTURO M. REBOYRAS VILLAVERDE

ANÁLISIS CLÍNICOS, AGUAS Y ALIMENTOS

*Si está vacunado compruebe que está inmunizado*

Entrega en el día

**TEST COVID-19**

Realizamos pruebas de Coronavirus  
**SEROLÓGICO, ANTÍGENOS Y PCR**

Colegiado nº 2141-C

Rúa Longa, nº 19 bajo • PADRÓN  
laboratorio@arturorv.es • T. 981 811 782 • M. 630 708 435



M.º JESÚS GARCÍA  
CLÍNICA DENTAL

Miembro de la Sociedad Española de Ortodoncia

Odontología general ■ Estética dental  
Prótesis ■ Cirugía e implantes  
Ortodoncia ■ Radiología digital

T. 981 811 832 • C/ Rosalía de Castro, 20 • PADRÓN (A Coruña)

## AGENCIA MORLA

SEGUROS: FISCAL Y LABORAL

Carlos Silva Morla

C/ Enlace Parque - PADRÓN (La Coruña)  
T/F. 981 810 051 - 981 810 745 • morla@agenciamorla.es

## Boutique del Trapo

TELAS AL PESO Y METRO

MERCERÍA Y PAQUETERÍA

Sto. Domingo, 10 • Padrón • T. 981 810 019



Local climatizado

Plazuela Traviesas, 13 • T. 981 811 624 • PADRÓN (A Coruña)

www.pulperiarial.com

a tradición, o da Feira Cabalar no Campo da Barca, cos distintos concursos e espectáculos que fan as delicias do público, pero tamén do espectáculo taurino, que fuxe do maltrato animal para centrarse nunha interesante exhibición de recortes, quebras e saltos.

Completando a oferta, tocará a Banda de Padrón, a de San Pedro de Carcacia acompañando os cabezudos e xigantes, Peter Punk e Brais das Hortas (para nenos e nenas) e a Charleston Big Band, así como o anteriormente mencionado grupo galego de moda.

O Luns de Pascua, día de Santiago, haberá os pasarrúas e actuacións, xunto coa recepción á Corporación do concello da capital galega. Entre a música cabe citar a banda local e a de Compostela, Oviravai, Algueirada, Atenas e América.

Por último, o Martes de Pascua, seguindo esta mesma dinámica, é a xornada de Rianxo, con visita institucional e pase da agrupación municipal da vila mariñeira. Con

todo, o momento estrela chegará pola noite cos dous pasos da orquestra Panorama, que presentará a súa xira anual, tras dous anos afectados pola pandemia.

**A PASCUILLA.** O arrinque do IX Torneo de Chave de Pascua marcará a estrea da segunda fin de semana, coñecida como a Pascuilla, na que os veciños e veciñas tamén contarán con múltiples posibilidades de lecer.

Coa premisa de seguir coa festa, o Venres de Pascuilla haberá unha xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais, para o deleite dos menores. Animando a noite, o esperado Tributo Remember Queen, a partir das 23.30 horas, destacará entre os pasos da orquestra La Fórmula e as sesións, de madrugada, das formacións Broken Peach, Samenta e Copaturbo.

Xa para o Sábado de Pascuilla, o grupo folclórico Arreixeira animará a matinal no paseo cos cabezudos e xi-

gantes. Xa pola tarde e pola noite soarán a AC San Pedro de Carcacia, a Gran Parada, Gin Toni's Versións (tributo Pop Rock Español 80 e 90), Romántico Latino e Ariel de Cuba, e pechará DJ's Groove Amigos. Porén, sobresaen outras dúas alternativas: a 58 edición da Clásica Ciclista de Pascua XXXII Memorial Francisco Rodríguez Pazos e a gran exhibición de fogos de artificio no Campo da Barca.

Para despedir esta gran celebración, recentemente declarada de Interese Turístico, o Domingo de Pascuilla rematará coa música de Algueirada, Arreixeira, O Pedrón e Cinema. Acompañando esta derradeira data, tamén se organizará a tradicional xuntanza coa Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón, así como o XII Festival de Bandas Capital do Sar, coa participación das agrupacións de Cambre, Negreira e Padrón.

Sen dúbida, unha multitude de variadas opcións para recuperar por todo o alto a emblemática Pascua de Padrón.



Non faltarán os pasarrúas musicais con cabezudos e xigantes ou as atraccións. Fotos: Sangiao

Brandal

**ESTA PASCUA**  
OS ESPERAMOS EN BRANDAL,  
**EL NUEVO RESTAURANTE**  
DEL GRUPO HOTEL SCALA

www.hscala.com | Telf. 981 811 312 |

ÓPTICA **Baltar**

40 años contigo

RÚA TAFONA, 8 • PADRÓN  
TLF. 981 811 502  
[www.opticabaltar.com](http://www.opticabaltar.com)

Felizes Fiestas

DE MIL OBRAS NOS AVÁLAN DESDE 1995

**castaño bascoy**

al servicio de la construcción desde 1995

Esclavitude • Padrón • Tel. 981 509 818

[www.bascoy.com](http://www.bascoy.com)  
[info@bascoy.com](mailto:info@bascoy.com)

**CASAL & ASOCIADOS**

correduría de seguros

C/ Tetuán, 6 bajo • Padrón  
T. 981 812 376 • F. 981 812 376 • M. 691 638 602  
[info@montenegroasesores.com](mailto:info@montenegroasesores.com)  
[montenegrocasalyasociados.es](http://montenegrocasalyasociados.es)  
[www.casalyasociados.es](http://www.casalyasociados.es)

[www.rioscanteria.es](http://www.rioscanteria.es)

**RIOS**  
CANTERÍA y CONSTRUCCION

Esclavitud - Padrón • [info@rioscanteria.es](mailto:info@rioscanteria.es)  
T. 610 804 522 - 696 820 002 - 687 074 585

- Construcciones reformas
- Especialidad en piedra y restauraciones

**CAFETERÍA**

**A CAMBEIRA**

**CAMINO PORTUGUÊS**

*Se o xubileu queres gañar na "A Cambeira" tes que parar*

Tlfs.: 981 810 250  
627 580 723  
Pousa nº 34, baixo IRIA - PADRÓN (A Coruña)

**Xamonería**

**A Cambeira**

Rúa Estación, 32 • Tlfs. 981 811 146 - 627 580 723 • PADRÓN

- Viño Ribeiro e Barrantes de colleita
- Cocido de encargo
- Venta de queixo artesán
- Xamóns

# Una romería tradicional que surgió de una feria caballar

La Pascua de Padrón tiene su origen allá por el siglo XVII, vinculada a la cita con caballos

**F. CERNADAS**  
Padrón

La celebración de la Pascua de Padrón se remonta al siglo XVII y sus orígenes se basan en la organización de una feria caballar de comienzos aún más remotos, una cita histórica a la que acudían tratantes procedentes de todos los puntos de Galicia e incluso de la vecina Castilla.

Con el paso del tiempo, alrededor de la actividad comercial se fueron incorporando elementos culturales, deportivos, lúdicos y religiosos, estos últimos por la coin-

cidencia de las fechas de celebración con la Semana Santa, también muy arraigada en el municipio rosaliano. Todos estos ingredientes convirtieron esta celebración padronesa en la primera romería importante del calendario festivo de toda la Comunidad.

A lo largo de su historia, esta festividad atravesó diversas vicisitudes, que incluso estuvieron a punto de acabar con ella. De hecho, era tal la importancia que tenía a comienzos del siglo XIX que el Concello de Santiago solicitó a la monarquía, con espúreos argumentos, el



Las actividades relacionadas con los caballos siempre han tenido un papel muy destacado en la festividad. Foto: Sangiao

**En su época, acudían tratantes de todos los puntos de Galicia e incluso de Castilla**

**Santiago solicitó en el XIX a la monarquía el traslado de la feria, pero no se aceptó**

traslado de la feria padronesa a Santiago de Compostela, tal y como recogió el archivero Pablo Pérez Constanti en sus *Notas Viejas Galicianas*.

Sin embargo, Su Majestad no tomó en consideración esa petición, acordando desestimarla y ordenando que subsistiera dicha tradición en la localidad de Padrón.

Desde entonces, la feria caballar, a excepción de la

obligatoria interrupción por la pandemia del covid, se celebra ininterrumpidamente todos los años, coincidiendo con la Pascua de Resurrección (de ahí su nombre).

En la actualidad, además de la organización de las actividades con los caballos, la programación de la Pascua de Padrón incluye desde la tradicional lectura del pregón hasta espectáculos

ecuestres, la instalación de atracciones infantiles, pruebas deportivas, actos culturales, eventos musicales y sendos actos de hermanamiento con los ayuntamientos vecinos de Santiago de Compostela y Rianxo.

Por ello, cada edición, y más en esta, debido a que se recuperan muchas libertades, atrae a miles de visitantes hasta la comarca del Sar.



TALLERES Y GRÚAS  
**ESTACIÓN**



[www.gruasestacion.com](http://www.gruasestacion.com)



**OFICINAS:**  
ESCLAVITUD: Tel. 981 803 560 • Fax 981 803 558  
SANTIAGO (Pol. Tambre): Tel. 981 509 806  
PONTEVEDRA: Tel. 649 901 400



# A Pascua, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia

MANUEL BOO  
Padrón

As Festas de Pascua son xa Festa de Interese Turístico de Galicia logo de que o Consello da Xunta, reunido na mañá do pasado día 8 de abril na Coruña, aprobase a solicitude realizada polo Concello de Padrón, apoiada tamén a mediados do último mes de marzo polo Consello de Turismo.

O alcalde de Padrón, Antonio Fernández Angueira, expresou a súa satisfacción ante a nova. O rexedor sinalou que a declaración da Pascua como Festa de Interese Turístico é o froito do intenso traballo que o goberno municipal leva facendo dende hai catro anos para reivindicar o valor dunha festa con varios



Lidia Angueira pronunciando o pregón das festas no ano 2017 desde o balcón consistorial.

séculos de historia e que soubo adaptarse aos tempos sen perder a súa esencia.

O mandatario padronés sinala ademais que a Pascua foi quen de transformarse co paso dos anos e hoxe en día ofrece un amplo abano de actividades culturais, deportivas ou de lecer para satisfacer a todo tipo de públicos.

“Trátase dun recoñecemento ao traballo ben feito e a unha festa que merece ser distinguida tanto por tradición como por arraigamento popular”, sinalou o rexedor padronés, quen se amosou asimesmo convencido de que a Pascua vivirá agora un impulso no seu papel de dinamizador turístico e motor económico do municipio.

O informe favorable do Consello da Xunta recolle que “a Pascua de Padrón é unha celebración secular con máis de 400 anos de antigüidade documentada, que conxuga o compoñente relixioso propio da Semana Santa cun alto valor cultural, derivado das múltiples actividades que se

Con catro séculos de antigüidade conxuga o sentimento relixioso cun gran valor cultural

O alcalde destaca da festa que se adaptou ós novos tempos sen perder a súa esencia

desenvolven”. Neste sentido, Antonio Fernández Angueira salienta que as iniciativas “relixiosas, culturais, musicais, deportivas, comerciais, sociais, etcétera, son valores que reforzan a Pascua como unha das principais romarías tradicionais de Galicia”.

Ademais, o Goberno autonómico fíxase na calidade da dotación de infraestruturas e equipamentos, na afluencia de visitantes, na coordinación de entidades públicas e privadas durante a celebración ou o axeitado coidado das contornas urbanas, monumentais e paisaxísticas onde se desenvolven as festas.

**CENTRO AUDITIVO BALTAR**  
*Felices Pascuas*

**FINANCIACIÓN A 1 AÑO SIN INTERESES, FINANCIABLE HASTA 36 MESES**

*Prueba de audifonos gratis durante 1 mes. Protectores auditivos a medida para fabricas o agua. Readaptamos si fuese necesario audifonos de otros gabinetes.*

ReSound ONE  
**Un sonido único**

ReSound GN

Plaza Baltar s/n • Padrón • T. 981 81 20 17 • [www.centroauditivobaltar.com](http://www.centroauditivobaltar.com)

**LOTERÍAS PADRÓN, S. L.**

Plaza del Castro, 6 • PADRÓN (A Coruña) • Tel. 981 810 561

Administración de Lotería número 2

**CAFETERÍA CENTRO SOCIAL**

**ÓPTICA NUEVA**

Rúa Longa, 16 • T. 981 811 501  
15900 Padrón (A Coruña)

Establecemento asociado a

**FARMAOPTICS**  
ópticas con garantía de salud

**Talleres Pardal**

**MULTIMARCA**

Extramundi - Padrón (A Coruña)  
Telf: 981 810 083 • Móvil: 629 159 292  
[www.tallerespardal.es](http://www.tallerespardal.es)

**osecreto**  
Distribuciones

**TIENDA Y RESTAURANTE**    **VINOTECA / TAPERÍA**

Avda. de la Estación, 9 bajo • Padrón    Rúa Real, 25 - Padrón

Telf. 670 59 99 61 • [info@osecreto.com](mailto:info@osecreto.com)    [www.osecreto.com](http://www.osecreto.com)

**CHEF RIVERA**

C/ Enlace Parque, 7 • Padrón  
T. 981 810 413  
[chefrivera@chefrivera.com](mailto:chefrivera@chefrivera.com)  
[www.chefrivera.com](http://www.chefrivera.com)

PAJARERÍA  
AVES ORNAMENTALES  
PECES TROPICALES  
ACCESORIOS Y ALIMENTACIÓN  
ARTÍCULOS EQUITACIÓN  
PIENSOS Y CEREALES

**TEODORO**

[www.pajareriateodoro.com](http://www.pajareriateodoro.com)  
[info@pajareriateodoro.com](mailto:info@pajareriateodoro.com)

PAJARERÍA: T. 981 811 658  
Ctra. Estación F. 981 910 058  
PADRÓN M. 659 581 565

**CABO NAYA ASESORES**

**FISCAL, LABORAL, CONTABLE, SUCESIONES, SEGUROS**

Telf.: 981 803 060 • Fax: 981 803 2 12  
Sixto - Ribasar - ROIS (A Coruña)